

FICHAS DAS PAISAXES AGRARIAS

Paisaxe agraria de montaña húmida (atlántica) e pradarías (atlántica)

Localización: **pradarías** norte e noroeste da península + **montaña húmida** territorios montañosos por enriba dos 1000 metros de altitude (do norte e noroeste da península).

Relevo: **pradarías** - chairas do interior e pradarías en altura de montaña. **Montaña húmida** - relevo de elevada altitude e fortes pendentes; e **clima** oceánico e/ou frío (de montaña), con precipitacións moi abundantes durante todo o ano, que no inverno caen frecuentemente en forma de neve no clima de montaña.

O poboamento nas pradarías das chairas de interior: é disperso laxo e intercalar, a partir de aldeas, parroquias e vilas. No pasado albergou unha poboación numerosa, que na actualidade é escasa e envellecida. O **hábitat** rural consta de casas de pedra. Predominan os minifundios. Os campesiños posúen pequenas parcelas cercadas por sebes e afastadas entre si, o que diminúe a súa rendibilidade e dificulta a mecanización. Para corríxilo impulsouse a concentración parcelaria, con escasos resultados.

O poboamento na montaña húmida era tradicionalmente disperso en pequenos núcleos localizados nos vales. Na actualidade tende a concentrarse en poboacións maiores. Alberga unha poboación con densidade moi baixa e forte tendencia emigratoria. **Hábitat:** casas de pedra.

Nas zonas baixas - pradarías das chairas de interior: os usos do solo son principalmente gandeiros.

a) A agricultura ocupa unha escasa superficie. É unha agricultura de secaño, debido á regularidade das precipitacións.

- No pasado practicábase o policultivo porque os campesiños vivían moi illados e necesitaban autoabastecerse. Cultivábanse produtos hortofrutícolas en pequenas hortas xunto ás casas para consumo familiar, e millo, pataca, froiteiras e vide, esta última sobre todo en Galicia.

Nas terras de peor calidade sementábase cebada ou centeo, e a economía familiar completábase coa cría de gando. Só unha parte destes produtos se vendía no mercado.

- Na actualidade, a agricultura tende a especializarse en cultivos de horta e en forraxes (prados, alfalfa, trevo, millo forraxeiro), en consonancia co desenvolvemento gandeiro.

b) A gandería é a actividade agraria principal. Vese favorecida polo clima, a demanda urbana de leite e de carne, e a escasa poboación rural, dado que require menos man de obra.

En Galicia dominan a pequena e a mediana explotación familiar. Na fachada cantábrica, as explotacións modernizáronse máis en tamaño e equipamento, aínda que tamén está moi estendida a gandería a tempo parcial en pequenas explotacións.

Predomina o gando bovino. O de aptitude cárnica, en réxime extensivo ou semiextensivo, oríentase á produción de tenreiros; e o de aptitude leiteira, á produción de leite e derivados.

c) A explotación forestal é outra actividade importante. Destínase á industria do moble ou á obtención de pasta de papel.

Na montaña húmida: os usos do solo son diversos e complementarios, graduándose en función das variacións climáticas: agricultura no fondo dos vales, explotación forestal nos bosques das vertentes e gandería nas matogueiras e pastos dos cumios, aínda que existen diferenzas segundo a área climática onde se localizan as montañas.

a) A agricultura nas montañas do norte peninsular practícase no fondo dos vales e céntrase nos cultivos de horta.

b) A gandería é extensiva. Nas montañas do norte peninsular é bovina ou ovina, e pasta nos claros dos bosques e nas matogueiras e pradarias dos cumios.

c) A explotación forestal é maior nas montañas do norte. Céntrase no aproveitamento da leña e da madeira de especies como o carballo, a faia ou o piñeiro.

Paisaxe agraria mediterránea de interior

Localización: a meseta e a maior parte das depresións interiores, do Ebro e do Guadalquivir.

Relevo chairas e relevo tabular, de elevada altitude media na Meseta; e **clima** mediterráneo continentalizado, con escasas precipitacións estivais e acusados contrastes térmicos estacionais.

O **poboamento** é concentrado. Na actualidade albergan unha poboación moi escasa e envellecida, debido á forte emigración de épocas pasadas. **Hábitat:** casas de madeira e adobe.

As explotacións son de diverso tamaño: O minifundio predomina nos regadíos do Ebro e no val do Douro, onde se reduciu moito debido á emigración e á concentración parcelaria. A gran propiedade é característica de moitos secaños casteláns, aragoneses, extremeños e andaluces.

Os usos do solo son agrícolas, gandeiros e forestais.

a) A agricultura

• O **secaño** domina nos páramos e nas campiñas da meseta e nas áreas non regadas dos vales do Ebro e do Guadalquivir. Practica unha agricultura extensiva en campos abertos, protagonizada pola chamada triloxía mediterránea: os cereais, a vide e a oliveira.

– No pasado, os cereais, principalmente trigo, rotaban con barbeito ou con leguminosas.

– Na actualidade, o trigo perdeu peso en favor da cebada; e o barbeito completo substituíuse polo medio barbeito, que utiliza o xirasol, ou as leguminosas como cultivo de descanso, ou desapareceu polo uso de fertilizantes químicos. Os cereais

predominan en Castela e León. Xunto a eles cobran importancia o oliveiral e o viñado no val do Guadalquivir, Castela-A Mancha e Estremadura; e o viñado, na Rioxa, Navarra e Aragón.

- **O regadío** permite practicar unha agricultura máis intensiva.

- Na actualidade, a extensión do regadío permite diversificar a produción con plantas industriais (remolacha azucreira, lúpulo e tabaco), forraxes (alfalfa, millo) e froitas e hortalizas.

b) A gandería

- As restrebas dos secaños alimentan gando ovino e caprino (extensivo); e preto das cidades temos gandería intensiva.

- As devesas occidentais de Zamora, Salamanca, Estremadura e Andalucía son explotacións agrogandeiras, xurdidas do aclarado de bosques de aciñeiras e sobreiras. A devesa tradicional tiña unha orientación principalmente gandeira: os seus pastos alimentaban o porco ibérico; parte das súas terras cultivábanse en longas rotacións para proporcionar alimentos e restrebas ao gando durante a longa seca estival; e o froito das aciñeiras e as sobreiras usábase na etapa final de ceba do porco. Na actualidade introducíronse algúns cambios, como un maior peso do gando porcino e bovino e a reconversión cara a outros usos, como a caza.

c) A explotación forestal é escasa.

Paisaxe agraria mediterránea litoral

Localización litoral e prelitoral mediterráneo.

Relevo: chairas litorais e algo montañoso na área prelitoral peninsular; e un **clima** mediterráneo de influencia marítima, con precipitacións moi escasas no verán e temperaturas suaves.

O **poboamento** tradicional disperso tende á concentración, agás nas hortas litorais. A poboación, numerosa no pasado, é hoxe reducida debido ao éxodo rural. **Hábitat:** casas de adobe.

As explotacións son de diverso tamaño. Nas zonas de regadío predomina o minifundio. En secaño, as explotacións son pequenas e medianas na Comunidade Valenciana e na Rexión de Murcia, e medianas, en Cataluña.

Os usos do solo son principalmente agrícolas.

a) A agricultura:

- **Os cultivos de secaño** esténdense polas zonas prelitorais montañosas ou accidentadas e polo interior mallorquino. Están ocupados por cereais, vide, oliveira e amendoeiras.

- **Os cultivos de regadío** vense favorecidos polas suaves temperaturas, a elevada insolación, a protección do relevo, a existencia de solos apropiados e unha importante demanda internacional.

Dedícanse á horticultura temperá ao aire libre, á horticultura precoz baixo plástico, á fruticultura mediterránea (cítricos, froiteiras de óso e de pebida) e aos froitos



tropicais (chirimoio, aguacate) nas fosas de Málaga e Granada, grazas á excepcional suavidade dos invernos.

b) A gandería bovina, porcina e avícola (intensiva) predomina en Cataluña, estimulada pola demanda urbana.

c) A explotación forestal ten escasa significación.

Paisaxe agraria en Canarias - cultivos tropicais

Localización: arquipélago canario.

Relevo volcánico accidentado e un **clima** cálido todo o ano, con precipitacións escasas e irregulares nas zonas baixas.

O poboamento é disperso laxo, constituído por pequenas agrupacións de casas e aldeas diseminadas. As vilas son xeralmente pequenas. Nelas a poboación encóntrase en retroceso debido á atracción exercida polas actividades do sector terciario, como o turismo.

As explotacións son grandes nos regadíos costeiros.

a) A agricultura

- **Nas áreas litorais** predomina o monocultivo de regadío orientado á exportación (plátano, tomate, pataca extratemperá), os cultivos baixo plástico (cogombro, pemento, flores) e as novas plantacións tropicais (papaia, manga, piña, aguacate).

OS PROBLEMAS DO MEDIO RURAL

-Problemas demográficos

A poboación rural é escasa, envellecida e masculinizada, a causa da emigración e dun crecemento natural moi baixo ou negativo, dado que os emigrantes son sobre todo mulleres e mozos que buscan mellor formación, emprego e servizos fóra do campo. A consecuencia é o despoboamento rural coa conseguinte deterioración paisaxística e do patrimonio.

-Problemas económicos

A modernización e a competitividade agraria son insuficientes para asegurar unha renda adecuada e afrontar a competencia de países emerxentes no mercado mundial.

-Problemas sociais

A calidade de vida de moitos núcleos rurais encóntrase minguada. O risco de exclusión social e pobreza está máis estendido no mundo rural debido ás menores rendas e oportunidades de emprego.

Algúns espazos rurais/agrarios son moi dinámicos e teñen outros problemas. Ex: o problema socioeconómico da área mediterránea litoral coa xestión da man de obra

estranxeira (sobre todo na zona almeriense, onde predomina o cultivo baixo plástico).

-Problemas ambientais (para as paisaxes intensivas)

a) A utilización pouco eficiente dalgúns recursos. Require un uso máis racional da auga (mellores sistemas de rega) e da enerxía (aforro nas instalacións, uso da biomasa e dos residuos gandeiros).

Principalmente afecta á degradación e contaminación do solo + degradación/sobreexplotación (seca) e contaminación (eutrofización) das augas.

b) As prácticas agrarias inadecuadas (intensivas polo xeral)

SOLUCIÓNS

As solucións aos problemas citados pasan por aplicar a política da PAC concedendo subvencións e axudas a partir dos fondos FEAGA e FEADER para apostar por un rural vivo e de calidade.

PRÁCTICO 19. PAUTAS DE COMENTARIO DE PAISAXE AGRARIA

Introdución: definición de paisaxe agraria e identificación da tipoloxía.

Definición: As paisaxes agrarias son a morfoloxía ou aspecto visual do espazo agrario. Resultan da transformación do medio natural polo poboamento e polas actividades agrarias.

Comentario: aplicamos a ficha de teoría sobre a tipoloxía a comentar. Profundizamos naquela actividade agraria que se nos mostre.

Conclusión: problemas do medio rural e solucións (sintético). Asociados á imaxe en cuestión.

Práctico 17. Prácticas agrarias sustentables e insustentables

-Prácticas sustentables: todas as relativas as técnicas tradicionais (barbeito, rotación, cultivos de semibarbeito) e ecolóxicas (non empregar fertilizantes nin produtos químicos). Relacionadas cos sistemas agrarios extensivos e a estrutura agraria tradicional e posprodutivista.

Na distribución dos alimentos, mercar nun mercado de proximidade ou local é unha práctica sustentable.

-Prácticas insustentables: todas as relativas as técnicas modernas (selección de razas, selección de sementes, cultivos baixo plástico...). Relacionadas cos sistemas intensivos (problema da xestión dos puríns na gandería estabulada,



contaminacións, esgotamento do solo...). Forma parte da estrutura agraria produtivista.

Na distribución dos alimentos, mercar produtos agrarios importados doutros países é unha práctica insustentable. Neste sentido, a lóxica que impulsa o sistema intensivo en España é a exportación de produtos hortofrutícolas a Europa.

-Instrucións de comentario dunha práctica agraria sustentable ou insustentable

Identificación da actividade agraria representada e definición da mesma.

Explicación do sistema agrario empegado (intensivo ou extensivo).

Explicación das técnicas (tradicionais, modernas ou ecolóxicas) empregadas nese sistema e da estrutura agraria (tradicional, produtiva ou posprodutivista).

Relación co mercado de consumo (as explotacións máis sostibles non son suficientes para garantir o abastecemento de toda a poboación. Aínda que nós como consumidores podemos elixir o mercado de proximidade para ser máis sostibles co medio).

Práctico 18. A PAC

*Revisamos o modelo de exame PAU 2025 corrixido da aula virtual para resolver esta pregunta.